

UNIDADE DE RADIOFÁRMACOS PET GALICIA

Un radiofármaco é calquera produto que, cando se prepara para o seu uso con fins terapéuticos ou diagnósticos, contén un ou máis radionúclidos (isótopos radioactivos) e ten a consideración de medicamento especial. Unha vez administrado, o radiofármaco localízase nun sitio de interese (órgano diana, sistema, proceso metabólico, etc.), mentres que a radiación emitida polo radionúclido pode ser captada por un equipo de imaxe, que permite observar a distribución do radiofármaco no organismo. Tamén poden ser utilizados como terapia, dependendo do tipo de radiación que emita o radionúclido. No caso dos radiofármacos PET, os radionúclidos que se utilizan son emisores de positróns para uso diagnóstico, e o equipo que capta a radiación é un tomógrafo PET (Tomografía por Emisión de Positróns, ou en inglés Positron Emission Tomography).

PROXECTOS

A unidade desenvolve actividade científica e investigadora, participando en diversos proxectos de investigación, directamente ou a través do grupo de investigación de imaxe molecular do IDIS, do que forman parte os dous facultativos especialistas. Consulte aquí os proxectos destacados.

PUBLICACIÓNS

Publicacións da Unidade de Radiofármacos PET

MÁIS INFORMACIÓN

Información para pacientes da Unidade de Radiofármacos PET de Galicia

Información para profesionais da Unidade de Radiofármacos PET de Galicia

CERTIFICADO DE CALIDADE

Certificado ISO 9001 



A radiofarmacia é a especialidade sanitaria que estuda os aspectos farmacéuticos, químicos, bioquímicos, biolóxicos e físicos dos radiofármacos, aplicando estes coñecementos nos procesos de deseño, produción, elaboración, control de calidade e dispensación de radiofármacos, tanto na súa vertente asistencial (diagnóstica e terapéutica) como na investigación. É tamén a responsable da correcta utilización dos radiofármacos mediante a súa correcta selección, custodia e xestión, co fin de conseguir un uso óptimo con calidade, seguridade e eficacia, de acordo cos principios de correcta preparación do radiofármaco e coa lexislación vixente. A responsabilidade, supervisión e control dos radiofármacos en xeral, e polo tanto, dos radiofármacos PET, corresponde legalmente ao Facultativo Especialista de Área (FEA) en Radiofarmacia, sendo o profesional competente para a súa preparación ou elaboración en unidades de Radiofarmacia debidamente autorizadas.

Sobre o servizo

A Unidade de Radiofármacos PET Galicia é unha unidade de radiofarmacia que elabora e subministra radiofármacos PET para os pacientes do Servizo Galego de Saúde.

Iniciou o seu funcionamento en probas no ano 2006 e comezou a subministrar radiofármacos no 2008 para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). Actualmente, elabora e distribúe radiofármacos ao CHUS, ao Hospital do Meixoeiro (Vigo), ao Centro Oncolóxico de Galicia (COG, A Coruña), ao Hospital Lucus Augusti e ao Complexo Hospitalario de Ourense. A petición de radiofármacos non deixou de aumentar dende o inicio e, na actualidade, a unidade serve máis de 10.000 doses de radiofármacos ao ano.

A instalación conta cunha sala branca de grado C de 46 m², dous laboratorios de control de calidade, unha área de expedición e de almacéns controlados. Atópase sometida a inspeccións periódicas tanto por parte da AEMPS coma do Servizo de Inspección Farmacéutica da comunidade autónoma e dispón do [Certificado GMPs de cumprimento de boas prácticas de fabricación](#), expedido pola Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios (AEMPS), sendo a primeira unidade de radiofarmacia PET pública en conseqüilo.



Unidade de Radiofármacos PET Galicia

Quen somos

A unidade esta formada por un equipo de [oito profesionais](#) altamente experimentados no eido da radiofarmacia PET, entre os que se contan 2 facultativos especialistas en radiofarmacia, 4 técnicas superiores de laboratorio non sanitario e 2 técnicos de mantemento.

Persoal facultativo:

- Santiago Medín Aguerre (Xefe de servizo, FEA Radiofarmacia)
- Lucía Díaz Platas (FEA Radiofarmacia)



Que facemos

Actualmente, na unidade elabóranse dous radiofármacos para a rutina clínica asistencial, [ambos autorizados pola AEMPS](#), o que garante as súas condicións de calidade e seguridade:

- **Fludesoxiglicosa (18F) ou [18F]FDG**, que permite o estudo do metabolismo celular da glicosa. É o radiofármaco PET máis versátil e ten indicacións autorizadas en oncoloxía, cardioloxía, neuroloxía e enfermidades infecciosas ou inflamatorias.
- **Fluorocolina (18F) ou [18F]FCOL**, análogo da colina (precursor da biosíntese de fosfolípidos) que, trala administración, despois de varios procesos metabólicos, incorpórase á fosfatidilcolina, que é un compoñente da membrana celular. A [18F]FCOL ten indicacións autorizadas relacionadas co diagnóstico do cancro de próstata.

A unidade tamén conseguiu a autorización da AEMPS para a elaboración da Fluorotimidina (18F) para o seu uso como medicamento en investigación dentro dun ensaio clínico en colaboración co FIDIS.

Ademais disto, a unidade colabora con diversos grupos de investigación in vitro e de modelos animais subministrando diversos radiofármacos para investigación de produtos químicos (non aptos para uso humano).

A nosa tecnoloxía

A tecnoloxía actualmente dispoñible no servizo é a seguinte:

Produción:

- 1 ciclotrón GEHC-PETtrace
- 6 celdas quentes: Comecer MIP1-2P-75 (1), Comecer MIP1-1P NY (1), Comecer BBS-1-75 (2), Comecer BBS2 (1, dobre), Tema Sinergie FLEX-AU
- 4 módulos de síntese: GE Tracerlab MX (4), GE FASTlab2
- 1 cabina de fluxo laminar Telstar Bio-II A
- 2 dispensadores: GE TRACERLAB FX DISPENSER (1), Tema Sinergie CRP6

Control de calidade:

- 1 equipo de detección de endotoxinas; Charles River Endosafe Nexgen PTS (1)
- 3 cromatógrafos: KNAUER Azura HPLC (1), Thermo Fisher Scientific TRACE 1300 GC (1), Thermo Fisher Scientific TRACE 1600 GC (1), Raytest Minigita star TLC (1), Raytest Gabi

staHPLC (1), Raytest MUCHA TLC (1)

- 2 activímetros: Biodex ATOMLAB 400 (1), Biodex ATOMLAB 100 (1)

Onde estamos

A Unidade de Radiofármacos PET está situada no edificio anexo D do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), en Santiago de Compostela.



Enderezo:

Unidade Radiofármacos PET Galicia
Travesía Choupana s/n, anexo edificio D do CHUS
15706 Santiago de Compostela – A Coruña

[Localización en Google Maps](#)

Horario de funcionamento:

3:00 a 15:00

Teléfonos de contacto:

Santiago Medín Aguerre: 981 956 462

Lucía Díaz Platas: 981 956 463

Contacto por correo electrónico:

santiago.medin.aguerre@sergas.es

lucia.diaz.platas@sergas.es